

ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

ASUNTO: ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA O CAPÍTULO I DO PROXECTO DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2017 DURANTE O TRÁMITE DE EXPOSICIÓN PÚBLICA

INFORME DA XEFATURA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

Tendo sido publicado no BOP nº 223, do 22 de novembro do 2016, o anuncio de aprobación inicial dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2017, e unha vez rematado o prazo de 15 días hábiles que para a presentación de alegacións establece o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; polo presente informe sinálase que os supostos nos que cabe formalizar reclamación administrativa aos proxectos de orzamentos municipais veñen legalmente tasados e consignados no artigo 170.2 da referida norma, concretándose nos seguintes:

- Por non terse axustado a elaboración e aprobación do orzamento aos trámites establecidos na propia Lei de Facendas Locais.
- Por omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentarios ou ben destes verbo das necesidades para as que esté previsto.

Asemade, debe facerse constar que en canto á lexitimación para a presentación de alegacións, terán a consideración de interesados unicamente os habitantes no territorio da respectiva entidade local; os que resulten directamente afectados, a pesares de non habitar no territorio da dita entidade local, e os colexios oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios (parágrafo 1 do artigo 170).

Consultado o sistema informático de xestión de expedientes, constan presentadas no período de exposición pública as seguintes alegacións ao Capítulo I de gastos do



documento orzamentario, remitidas en data 15/12/2016 polo Servizo de Contabilidade á Área de Recursos Humanos e Formación:


1. COMITÉ DE PERSOAL: documento nº 160165373.
2. ENRIQUE ALONSO RODRIGUEZ EN REPRESENTACIÓN DA SECCIÓN SINDICAL DE CC OO NO CONCELLO DE VIGO: documento nº 160168909.

Como xa vén sendo unha tradición case consolidada no Concello de Vigo, a totalidade das alegacións presentadas (2) durante o trámite de exposición pública respontan a solicitudes de incrementos salariais -tanto individualizados como concretados en relación a colectivos determinados- por parte dos propios empregados/as públicos municipais e/ou representación sindical do persoal municipal, así como a cuestións referidas á organización municipal e estrutura dos servizos ou unidades administrativas, con respecto ás cales se lembra -como reiteradamente se fai pola suscribinte tanto nos informes ao Capítulo I do Proxecto de Orzamentos Municipais e aos informes de aprobación da Relación de Postos de Trballo que se levan tramitado dende o ano 2006- que, consonte á lexislación actualmente vixente en materia de réxime local -constituída principalmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, nos municipios sometidos ao réxime xurídico de grande poboación o Pleno do Concello unicamente ostenta competencias en materia de persoal en canto a:

Aprobación e modificación dos regulamentos municipais (artigo 123.1.d), entre os cales incluíranse os instrumentos reguladores das condicións sociais, económicas e laborais do persoal funcionario e do persoal laboral ao servizo do Concello, respectivamente.

Aprobación da plantilla de persoal vinculada á dos orzamentos municipais (artigo 123.1.h)

En consecuencia, a totalidade das pretensións de natureza retributiva ou económica constitúen obxecto principal do instrumento regulamentario denominado Relación de Postos de Trballo ou RPT, cuxa aprobación compete á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local citada, e non ao Pleno do Concello, como sí sucede nos municipios suxeitos ao réxime


	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2016 11:00	Páxina 2 de 10
	Expediente 28598/220	Código de verificación: 28E24-CBABC-2CB88-588D5	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

común e sucedía neste Concello con anterioridade á entrada en vigor do réxime de municipios de grande poboación anteriormente referenciado.

Igualmente, na liña dos informes ás alegacións ao Capítulo I emitidos por esta xefatura de servizo nos anos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2016, cómpre sinalar que os Orzamentos Municipais non deben constituir mecanismo articulador de adecuacións retributivas individualizadas, senón que éstas -de estimarse oportunas e procedentes polos correspondentes órganos xestores- deberían ser realizadas sempre para colectivos determinados e xustificalas no marco dun tratamento integral para cada posto de traballo en función de diversos factores (especial responsabilidade, preparación técnica, académica ou profesional requerida para o desempeño do mesmo, riscos asociados ao posto) e mediante a realización das oportunas adecuacións retributivas debidamente xustificadas, nos termos da actualización e/ou revisión das correspondentes guías de funcións dos postos de traballo, pero sempre sen prescindir da realización dunha medición, efectuada de maneira obxectiva, e que non responda a intereses subxectivos, que non casan cos contidos dos postos de traballo, senón coa boa actitude ou disposición do traballador/a, que non se discute, pero para retribuír a cal se lembra que está legalmente contemplado o complemento de produtividade, que se poderá abonar cando o empregado/a público mostre especial rendemento, adicación ou interese no desenvolvemento das súas funcións, e non a través de incrementos de retribucións complementarias fixas e periódicas, que responden ás características dos postos de traballo e non das persoas a eles adscritas.

Lémbrese que por razóns do servizo todos os empregados/as públicos poden ser obxecto de traslado ou de cambio de adscripción a outros servizos ou unidades administrativas (artigo 81.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou incluso obxecto de plans de ordenación de recursos humanos ou de reasignacións ou redistribucións de efectivos, coa finalidade de mellora-la eficacia e eficiencia na prestación do servizo público.

A determinación e aprobación das retribucións dos empregados/as públicos consonte á legalidade vixente, a fixación de complementos específicos e complementos de destino (conceptos retributivos vixentes segundo o disposto na Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do EBEP xa citado, no que resulta vixente por aplicación do establecido no propio RD Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, mencionado) xunto coa aprobación da relación de postos de traballo, así como a xestión do persoal municipal e a aprobación

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2016 11:00	Páxina 3 de 10
	Expediente 28598/220	Código de verificación: 28E24-CBABC-2CB88-588D5	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

do gasto en materias da súa competencia, corresponden igualmente á Xunta de Goberno Local, razón pola que as reclamacións dirixidas contra as ditas materias deberán promoverse, de ser o caso, contra o eventual acordo que o dito órgano municipal adopte no seu día -en exercicio da potestade de autoorganización da que gozan as Entidades Locais, legalmente recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985- unha vez aprobados os Orzamentos correspondentes, mediante os recursos administrativos ou xurisdiccionais que as leis outorgan ao respecto.

En calquera caso, déixase constancia expresa de que no documento inicialmente aprobado existe unha aplicación orzamentaria específica denominada “fondo de adecuación retributiva de postos de traballo”, dotada orzamentariamente coas contías contempladas na documentación económico-contable anexa ao expediente administrativo de tramitación do Capítulo I dos orzamentos para 2016, efectuándose unha remisión ao réxime de atribucións dos órganos municipais en canto á xestión do persoal contida en anteriores parágrafos; e debendo respetar as excepcionais limitacións legalmente establecidas polo lexislador estatal -no marco do contexto económico de austeridade e contención de gasto no sector público- en relación ao incremento das retribucións dos efectivos ao servizo do sector público, así como aos requisitos de excepcionalidade, singularidade e motivación dos axustes retributivos dos postos de traballo (vid. por todos Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016).

Adicionalmente, con respecto ás alegacións presentadas debe significarse que o exercicio da antedita potestade de autoorganización en canto á estrutura e dotación en número de efectivos, características dos postos de traballo e conseguintes prazas asociadas a dotar no cadro de persoal orzamentario, que o mesmo deberá, en calquera caso, ter carácter obxectivo e suficientemente motivado, en atención ás necesidades do servizo, sendo as xefaturas das áreas e servizos as competentes para a detección de necesidades, proposta de configuración dos postos de traballo e de reasignación dos efectivos existentes nas unidades ao seu cargo, nos termos das guías de funcións inherentes ás xefaturas citadas aprobadas pola Xunta de Goberno Local, non existindo norma xurídica de índole algunha que atribúa aos órganos de representación sindical do persoal municipal lexitimación ou capacidade de imposición da ordenación das organizacións, unidades ou servizos administrativos.

A admisión do contrario podería conlevar a vulneración dos principios constitucionais contidos no artigo 103.3 da vixente Constitución de 1978, así como dos fundamentais

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2016 11:00	Páxina 4 de 10
	Expediente 28598/220	Código de verificación: 28E24-CBABC-2CB88-588D5	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

principios de legalidade e interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos contemplados no artigo 9.3 da mesma norma, sen prexuízo das obvias distorsións organizativas e funcionais susceptibles de xenerarse nas diferentes unidades da administración municipal, ao dotalas de efectivos que non respostan ás necesidades motivadas e fundamentadas na prestación do servizo público, ou ben a pretensións de amortizacións de prazas en unidades destinadas á prestación de servizos esenciais e exercicio de competencias mínimas obrigatorias dos concellos ex artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, xa citada.

Dado que o Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais inicialmente aprobados para 2017 contén crédito suficiente para facer fronte ás obrigas legais en materia de gastos de persoal, establecéndose nas bases de execución a correspondente operatividade da bolsa de vinculación xurídica dos créditos; e considerando que calquera eventual modificación do cadro de persoal orzamentario pode ser efectuada durante a vixencia do Orzamento -como é o caso da creación da praza de intendente principal indicada na alegación presentada polo Comité- esta xefatura entende que, previa a emisión da correspondente memoria organizativa e de planificación que se emita pola concellería-delegada competente na área competencial concreta segundo Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015 (Área de Mobilidade e Seguridade) será estudiada a racionalización de prazas indicada, tramitando, se procede, a preceptiva modificación do cadro de persoal no senso indicado.

Polo que respecta á alegación presentada pola sección sindical de CC OO no Concello de Vigo, indícase que no procedemento seguido para a elaboración e aprobación do orzamento se teñen seguido os trámites establecidos na propia Lei de Facendas Locais.

Neste senso, sinálase que xa en data 15/11/2016 (documento nº 160154265) a sección sindical citada presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello, respostado en data 16/11/2016 mediante comunicación da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal indicando que:

“Visto o escrito presentado en data 15/11/2016 pola sección sindical indicada, pola presente comunícaselle o seguinte:

-O marco legal da negociación colectiva nas Administracións Públicas está establecido no capítulo IV, artigos 31 a 46 (ambos inclusive) do Real Decreto legislativo 5/2015, do



30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e que constitúe marco de legalidade común aplicable á negociación das condicións de traballo de persoal funcionario e laboral ao servizo das entidades locais.

-A negociación colectiva no ámbito do sector público, segundo o previsto no artigo 33 do TREBEP, está suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, e efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3,c); 7.1 e 7.2 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, e no previsto no capítulo da lei indicado.

Precisamente, no exercicio da boa fe negocial, e previa a negociación colectiva ao efecto, a Xunta de Goberno Local aprobou en data 04/12/2015 os “Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Vigo” (expediente administrativo nº 26.805/220); criterios que, debe lembrarse, foron consensuados cos sindicatos, recollendo as súas suxerencias, tal e como consta en comunicación electrónica do Comité de data 06/10/2015 incorporada ao expediente electrónico referido.

No teor literal dos ditos criterios contémplase que:

“VII.- RÉXIME DE CONVOCATORIA E CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS

1. As sesións da Mesa Xeral de Negociación poden ser:

a) *Sesións ordinarias: celebraranse cunha periodicidade mínima de unha sesión cada 6 meses.*

b) *Sesións extraordinarias: sen a periodicidade anterior, poderase reunir a Mesa Xeral cando concorra algunha das seguintes circunstancias:*

-A instancias da Presidencia, con base na urxencia dos asuntos a tratar.

-Cando o solicite algunha das partes, previa xustificación da urxencia.

2. *As convocatorias das sesións ordinarias, xunto coa correspondente orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de 5 días á data de celebración. Previamente, a Secretaría efectuará un anuncio da convocatoria cunha*



antelación mínima de 10 días, para que as partes podan efectuar a súa proposta da orde do día que, en todo caso, será incluída.

As convocatorias das sesións extraordinarias efectuaranse cunha antelación mínima de 24 horas.

- 3. Para a válida constitución, a efectos da celebración das sesións, deliberacións e adopción de acordos, se requirirá a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou no seu caso, de quen lle substitúa, e polo menos a metade dos membros de cada parte.”*

Por tanto, e dada a urxencia na aprobación dos Orzamentos Municipais, en atención ao procedemento de tramitación contemplado no RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -que contempla un período de exposición pública- resultaba imprescindible a urxente convocatoria da mesa xeral de negociación con carácter extraordinario, tendo a dita convocatoria plena cobertura tanto no marco normativo vixente como nos criterios internos que a Xunta de Goberno Local determinou aplicables.

-En canto ao resultado da negociación colectiva, debe indicarse que a obriga de negociación constitúe unha obriga de medios e non de resultados, concretada na preceptividade de sometemento a negociación cos actores sindicais lexitimados de un determinado asunto ou materia, pero en modo algún na obrigatoriedade de acadar un acordo.

Doutrina que avala a xurisprudencia do Tribunal Supremo en SSTS de 4 de xullo do 2007 (Casación 3492/2002); STS de 22 de setembro do 2010 (casación 3860/2007); STS de 29 de maio do 1997 (Recurso 290/1994); STS de 11 de maio do 2004 (Casación 1490/1997); e STS de 29 de maio de 1997 (Recurso 290/1994); sentenzas que recolle a STS do 13 de outubro do 2010 (Casación 3043/2007, Sala do Contencioso-Administrativo) sinalando ésta última, e a título ilustrativo (fundamento xurídico terceiro) que:

“La negociación es el instrumento principal y el repertorio de materias negociable, nominalmente muy extenso, se halla contenido en el artículo 31 d ella Ley 9/1987, cuya forma imperativa (será objeto de negociación en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública) sugiere el carácter estrictamente obligatorio de la negociación previa, se alcance o no un resultado, y



requiera o no el acuerdo alcanzado el refrendo o la regulación por parte del órgano de gobierno de la Administración (...)"

Por esta Concellería-delegada téñense posto todos os medios para acadar un acordo e téñense avaliado as propostas sindicais, sen prexuízo do cal, á hora de elaboración do documento final, se tiveron en conta as previsións contempladas no marco legal vixente en materia orzamentaria.

Deste xeito, lémbreselle que a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece, entre outras previsións, un teito de gasto de imposible superación polas entidades locais na planificación da súa actividade económica; debendo considerar as limitacións contempladas na Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2016 en canto á interdicción do incremento de gasto público en materia de persoal máis aló dos límites legalmente contemplados.

Por tanto, non resulta veraz a manifestación de que se está a vulnerar o dereito á negociación colectiva, dado que por esta Concellería -e dentro do axustado dos prazos que a calendarización na aprobación do documento orzamentario tense fixado pola Concellería-delegada da Área de Facenda e Orzamentación- non só se ten procedido á convocatoria da Mesa Xeral, senón que se ten entregado a documentación técnica relativa ao Capítulo I de gastos aos sindicatos presentes na Mesa -entre os que se atopaba CC OO- sen que conste que ningún deles se opuxera á aprobación dos Orzamentos. Na mesma mesa Xeral, a Concellería indicou a disposición favorable da mesma á consideración das propostas sindicais na medida do legal e economicamente viable e procedente.

-O apartado VIII dos Criterios establece que:

"VIII.- ADOPCIÓN DE ACORDOS NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Os acordos serán adoptados por consenso entre as partes lexitimadas para a negociación colectiva, nos termos do réxime negocial contemplado con carácter xeral no texto refundido do EBEP.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estén presentes tódolos membros da Mesa Xeral e se declare a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.



Poderase facerse constar na acta a manifestación contraria ó acordo adoptado, por parte dalgún dos seus membros, e os motivos que a xustifiquen.

Os acordos adoptados pola Mesa Xeral serán trasladados ao órgano competente do Concello de Vigo, previa a tramitación administrativa procedente por parte dos servizos e/ou unidades xestoras, aos efectos que procedan en relación co réxime de atribución competencial establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e normativa de concordante aplicación.”

-Por último, lembrarlle que nos propios Criterios rectores da Mesa Xeral consensuados coa totalidade dos sindicatos se recolle, en aplicación do contemplado no RD Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (norma básica de aplicación á negociación colectiva de materias comúns a persoal funcionario e laboral ao servizo das Administracións Públicas) o seguinte:

“XIII.- PACTOS E ACORDOS

No seo da Mesa Xeral de Negociación, a representación sindical e o Goberno Local poderán acadar pactos e acordos sobre as materias obxecto da súa competencia, nos termos do ámbito material da negociación colectiva e dos principios rectores indicados. Os pactos celebraranse sobre materias que se correspondan estrictamente co ámbito competencial do órgano administrativo que o suscriba e aplicaranse directamente ao persoal do ámbito correspondente.

Os acordos versarán sobre materias competencia dos órganos de goberno das Administracións Públicas. Para a súa validez e eficacia será necesaria a súa aprobación expresa e formal por estes órganos.

Os pactos e acordos que, de conformidade co establecido no artigo 37, conteñan materias e condicións xerais de traballo comúns ao persoal funcionario e laboral, terán a consideración e efectos previstos neste artigo para os funcionarios e no artigo 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, para o persoal laboral.

Os pactos e acordos nos seus respectivos ámbitos e en relación coas competencias de cada Administración Pública, poderán establecer a estrutura da negociación colectiva, así como fixar as regras que han de resolver os conflitos de concorrencia entre as negociacións de distinto ámbito e os criterios de primacía e complementariedade entre as diferentes unidades negociadoras.”



Por tanto, non parece que a actuación desta Concellería na negociación colectiva dos Orzamentos Municipais para 2016 teña vulnerado o marco legal que resulta de aplicación, tendo sido cumprimentada, de xeito efectivo a dita obriga. Do cal se lle da traslado aos efectos oportunos.”

Reprodúcense, por tanto, os fundamentos xurídicos contidos na comunicación transcrita en canto á negociación colectiva, debendo adicionar que, segundo o previsto no réxime xurídico e organizativo dos municipios sometidos ao réxime de grande poboación -introducido por Lei 57/2004, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local- o Pleno carece de competencia para a aprobación da Relación de Postos de Traballo e das súas modificacións (v. artigo 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local) estando dita atribución legalmente residencia na Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985). Por tanto, parece carente de virtualidade xurídica grande parte da motivación sustentadora da alegación presentada pola sección sindical de CC OO, enfocada principalmente na obriga de negociación colectiva da relación de postos de traballo, que será efectuada no momento procedimental oportuno.

En consecuencia, e pola motivación exposta, procede a desestimación das alegacións presentadas en materia de gastos de persoal ao proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2017.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A XEFA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN.- María Dapena Gómez

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2016 11:00	Páxina 10 de 10
	Expediente 28598/220	Código de verificación: 28E24-CBABC-2CB88-588D5	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		